



ADENDA ÁS PROGRAMACIONES DIDÁCTICAS DAS MATERIAS DE ECONOMÍA E IAAE DE 4º ESO

10. Criterios sobre a avaliación, a cualificación e a promoción do alumnado.

As materias de 4º da ESO desenvólvense en avaliación continua. Na avaliación inicial o alumnado realizou unha presentación oral que nos indicou o nivel de desenvolvemento das competencias clave en expresión oral e escrita (EOE), comunicación audiovisual (CA), tecnoloxías da información e comunicación (TIC) e emprendemento, (EMP) básicas no desenvolvemento destas materias.

A partir deste nivel todas as tarefas que se desenvolven ao longo do curso enfócanse ao desenvolvemento das competencias, empregando os contidos das materias, polo que se realizarán actividades avaliáveis ata o final do período lectivo, dentro da concepción da avaliación continua.

A cualificación final da materia obterase da media ponderada dos estándares de aprendizaxe detallados na programación e en función do seu peso.

Dado que durante todo o curso hai actividades para reforzar os estándares non adquiridos, seguirase a mesma dinámica durante o último mes de clase, propoñendo algunha tarefa adicional enfocada ao que necesite o alumnado que teña pendente de alcanzar algún dos estándares de aprendizaxe. De non alcanzarse, o alumnado terá dereito a realizar unha proba final na que, mediante unha proba escrita, será avaliado daqueles estándares non superados.

Dado que os estándares de aprendizaxe non son obrigatorios, pode darse o caso de que algún deles non sexa alcanzado e o alumno ou alumna aprobe igualmente unha avaliación por considerarse que se pode traballar doutro xeito ou vincular a outras aprendizaxes.

A cualificación final da materia obterase da ponderación dos diferentes estándares de aprendizaxe, tal e como se indica no apartado 4 da programación didáctica. Aqueles que fosen avaliados con posterioridade por non teren sido superados nun primeiro momento, serán cualificados coa nota obtida nas seguintes tarefas avaliáveis, dentro do espírito da avaliación continua.